

## COMUNICADO DE AER SOBRE O PLENO DO 28/07/2011



A **Agrupación de Electores de Redondela (AER)** quere deixar ben claro que **está en contra de todas as autovías proxectadas pra Redondela: A-57, ampliación da ponte de Rande e A-59 en calquera das súas variantes**. A sustentabilidade ambiental é un dos nosos puntos programáticos e facemos unha aposta firme por un modelo de mobilidade sostible. A moción que presentamos no último pleno recolle os nosos argumentos pra opoñernos a estes proxectos e a favor do transporte público.

A nosa agrupación ten un concelleiro, contra 20 representantes de partidos políticos que defenden estas vías de alta capacidade. Estamos nestes momentos nunha situación na que a A-57 non ten ningún tramo licitado e na que Fomento anunciou que as súas prioridades son a ampliación de Rande e a actual A-59, que está licitada por completo. Tendo en conta todo o anterior, e pra lograr os nosos obxectivos, temos **dúas opcións**:

- 1) Facer "un brindado ao sol"  **votando en contra a todo**, provocando que se faga xusto o que menos queremos, a A-59
- 2) Tentar parar as alternativas que están moito máis avanzadas, a piques de realizarse, **facilitando coa nosa abstención argumentada que o Pleno se posicione pola alternativa 11**, só cos votos a favor do PP; e así **gañar tempo** pra mobilizar a cidadanía e **loitar contra a A-57 coa variante 11 máis adiante**.

A nosa postura busca unha eficacia estratéxica, queremos que se paren as obras inmediatas e non só tentar quedar ben. Entendemos que moitas persoas non compartan a nosa estratexia, pero pedimos tamén que nos entendan a nós.

Non favorecemos a A-57 + alternativa 11 por "botarlle o asfalto aos veciños", senón que pensamos que Redondela xa fixo un esforzo importantísimo polas infraestruturas acollendo unha autoestrada, tres estradas "nacionais", un aeroporto, dúas vías de tren e tamén as vías do AVE. Entendemos que polo ben xeral, de aprobarse unha alternativa, a menos destrutiva é a A-57, que afecta a menos xente e conecta Pontevedra coa meseta, sen esnaquizar por enésima vez un concello con tanta poboación dispersa nas parroquias como Redondela.

Nós tentamos **ser coherentes** co noso labor, somos os representantes da xente no Concello, e a xente de Redondela manifestouse claramente en contra da A-59 e contra a ampliación de Rande. Esa foi a nosa prioridade.

Por outra banda, dende AER queremos mostrar o noso malestar polo nulo eco mediático que tivo a moción que presentamos sobre a visita do Papa, moción apoiada por PSOE e BNG na que se acadou que o Pleno do Concello solicite que non se destine máis diñeiro público que o necesario pra seguridade e limpeza e solicite que o Papa non reciba honores de xefe de estado xa que ven en visita privada